



AXUDAS NOMINATIVAS 2023

EXTRACTO DO CAPÍTULO VI DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

MUNICIPAL PARA O ANO 2023

CAPÍTULO VI.- NORMAS ESPECÍFICAS PARA OS GASTOS DE TRANSFERENCIAS CORRENTES E DE CAPITAL

Base 33ª.- Subvencións nominativas.

1.-Co fin de facerlle fronte aos compromisos asumidos por este concello en virtude de convenios interadministrativos e convenios con entidades privadas sen fin de lucro, con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo 4º do estado de gastos outorgaranse directamente as subvencións ou achegas acordadas, nos prazos establecidos nas cláusulas de cada convenio e tendo en conta os importes que figuran nos mesmos.

Se recollen as seguintes subvencións nominativas con cargo ao orzamento do exercicio 2023:

- Festas parroquiais. Comisions organizadoras. Nove parroquias, máximo 600 euros cada unha, salvo a Festa dos Chóferes, que terá un máximo de 5.000 euros.
- Axudas decoración Nadal. Asociacións culturais parroquiais, máximo 300 euros cada unha (2.700 euros en total).
- Asociación Xuvenil e Cultural o Castelo, proxecto Premios Entroido (Máximo 4.500 euros). Proxecto Andaina 2023: 1.000,00 euros.
- SEVA (Seminario de Estudos do Valadouro): proxecto “Actividades de promoción cultura e historia do Val”: 3.250,00 euros.
- Comparsa Alfoz e Valadouro: Proxecto “ Potenciación de tradicións do entroido e Samaín”: 1.300,00 euros.
- CEIP Castrodouro- Proxecto educativo “ Educación vial con karts”: 1.400 euros.
- Asociación Nais e Pais CEIP Castrodouro- Adquisición libros e material escolar (infantil): 1.200,00 euros.
- Clube Deportivo Alfoz, Tempada equipo de fútbol 2022/2023 (7.000,00) e tempada equipo fútbol 2023/2024: 7.000 euros.
- Clube Deportivo Rio Ouro, gastos tempada: 3.500,00 euros.



CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

- Educando en Familia , proxecto Educando en familia 2023: 1.000 euros.
- Asociación de Veciños San Vicente de O Carballido; proxecto “Feira do Trece 2023”:
3.500,00 euros.

A regulación da súa concesión e xustificación adaptarase, por unha banda , ao Plan Estratéxico de subvencións en vigor e ao establecido na ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Alfoz vixente en cada momento.

Bases de execución aprobadas polo Concello Pleno na súa sesión de data 2 de maio de 2023.